PROTOCOLO PARA O BO TRATO Á INFANCIA

CONCELLO DE
BURELA
Concellería de Servizos Sociais

NOELIA LEGASPI RODRÍGUEZ (1 para 3)
EDUCADORA FAMILIAR
Data de Sinatura: 26/04/2021
HASH: 5c228a2254b70f3f5d0b15e526da5827

ALFREDO LLANO GARCÍA (2 para 3)
ALCALDE
Data de Sinatura: 26/04/2021
HASH: e5dd911f50ee46b683f3ccf0633376390b

MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO (3 para 3)
CONCELLEIRA
Data de Sinatura: 26/04/2021
HASH: caaa9a83b2ae0cd32d12baaf95200a50

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 26

INTRODUCIÓN

O Concello de Burela ten unha realidade sociocultural e demográfica moi favorable para o bo entendemento da infancia e a diversidade o que lonxe de significar un atranco debe ser tratado para que supoña unha oportunidade cara conseguir un municipio moderno situado na realidade doutras vilas europeas do século XXI. Determinadas problemáticas sociolaborais e o momento actual marcado pola pandemia do COVID 19 están a facer que se vivan procesos de estrés e ansiedade sociofamiliar que poden afectar directa ou indirectamente ao benestar emocional dos e das máis novas da familia. Esta situación fai necesario que os Programas e Servizos de atención específica ás nenas e nenos que xa se estaban a desenvolver desde hai tempo, necesiten un reforzo para enfrontar as dificultades do momento actual, polo que iniciamos a creación deste PROTOCOLO dirixido a sensibilizar sobre a importancia do **bo trato** aos menores dentro das familias.

Este protocolo é resultado do traballo conxunto de diferentes servizos do noso municipio: Sociais, Educativos, de Saúde e outros organismos que interveñen directamente coa infancia e á adolescencia e dende os que se ten detectado a existencia de carencias familiares en canto ao **bo trato a menores** que lles están a dificultar un desenvolvemento axeitado. Prestarase especial atención á prevención da violencia intrafamiliar e á súa detección precoz, artellando xeitos sinxelos de notificación e intervención coa finalidade de que as nenas e nenos do noso concello vivan en entornos seguros libres de todo tipo de violencia.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 26

O bo trato aos/as menores do que falaremos ao longo deste documento,entendémolo como a **dispoñibilidade e o interese das familias por estar con eles/as**, **prestarlles unha atención en positivo** e **implicarse no seu desenvolvemento físico, social e emocional ,** como base fundamental da construcción da súa personalidade e do seu proceso de socialización.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 26

INTEGRANTES DO GRUPO DE TRABALLO

- Servizos sociais municipais:

- Traballo Social
- Educación Familiar
- Integración de Inmigrantes
- CIM
- UAT
- Traballo Social UAD

- Centro de saúde:

- Traballo Social
- Pediatría
- Unidade de Saúde Mental

- Centros educativos:

- Escola Infantil de Burela
- Escola Infantil Os Castros
- CEIP Virxe do Carme
- CEIP Vista Alegre
- IES Perdouro
- IES Monte Castelo

- Outros organismos e institucións:

- Hospital da Mariña (TS)
- Cruz Vermella
- Centro de Día San Aníbal
- Cáritas
- Policía Local

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 26

ÍNDICE

1. Obxectivos

2. O bo trato ao neno no ámbito familiar

3. Medidas de sensibilización cara o bo trato ao/á neno/a

4. Medidas de fomento do bo trato á infancia

5. O trato inaxeitado aos menores

6. Proceso de detección, notificación e intervención.

7. Principios que deben regular o proceso de intervención

Anexos:

- ANEXO 1: Proceso de detección-notificación-intervención (diagrama)

-ANEXO 2: Modelo de formulario de derivación

Bibliografía.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 26

1. OBXECTIVOS:

Os obxectivos fundamentais que pretendemos acadar coa implantación deste protocolo serían:

- Sensibilizar ás familias e á poboación xeral da necesidade do bo trato aos nenos e ás nenas para favorecer o seu axeitado desenvolvemento persoal, social e comunitario.
- Fomentar hábitos e estratexias de bo trato, coidado e atención ás necesidades propias e específicas dos nenos/as (educativas, emocionais, de saúde, de lecer e tempo libre, etc.)
- Visibilizar a importancia da implicación das familias nos ámbitos nos que os nenos e nenas participan habitualmente como poden ser os centros educativos, as actividades extraescolares ou os espazos de lecer comunitario.
- Impulsar a idea da unidade familiar como entorno de protección aos/as nenos/as nos que debe predominar o afecto entre os membros da familia a comunicación e establecemento de rutinas e normas básicas necesarias para unha convivencia positiva.
- Crear unha rede de profesionais implicados e coordinados para a sensibilización e o fomento do bo trato aos nenos/as dentro das familias.
- Detectar, notificar e intervir de forma axeitada en casos de sospeita de tratos inaxeitados aos/ás menores.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 26

2. O BO TRATO AO NENO NO ÁMBITO FAMILIAR

A familia é un dos pilares fundamentais da sociedade xa que cumpre funcións asistenciais, educativas e socializadoras necesarias para o desenvolvemento integral dos membros que a forman. Os procesos de convivencia que se deben dar dentro delas para que cumpran coas funcións das que falamos poden fomentar o desenvolvemento de competencias, valores, actitudes e comportamentos responsables e axeitados que se manifestarán tanto dentro do entorno familiar como nos demais contextos sociais (escola, comunidade, ámbito laboral e de tempo libre).

O Parlamento Europeo e o Consello de Europa formularon aos estados membros a Recomendación 2006/19 co fin de estimular políticas de apoio ás familias para o exercicio positivo das ditas funcións parentais así como para evitar o mal trato e o uso da violencia cara os fillos ou menores ao cargo. Entre as actuacións parentais positivas que destacan nesta recomendacións estarían as seguintes:

2.1. Cubrir as necesidades físicas básicas dos/as nenos/as e adolescentes: alimenticias, sanitatias, de vestido e hixiene, de seguridade, etc. Garatizar a seguridade, protexendo ao neno/a ou adolescente tanto dentro como fóra do fogar.

2.2. Proporcionar afecto e apoio: é necesario que os pais/nais/coidadores creen cos menores un vínculo afectivo positivo e lles fagan sentir que se lles ofrece atención, respecto, afecto e recoñecemento. Desta forma, os nenos/as e adolescentes soen ter un comportamento máis positivo, maior motivación vital, relacións sociais máis satisfactorias, mellor autoestima, maior toleracia á frustración e mellor afrontamento de situacións difíciles. As expresións de afecto e apoio deben basearse en manter unha actitude amable e cariñosa cos nenos/as e adolescentes e ao mesmo tempo ser firme e consistente no establecemento de normas educativas e de convivencia familiar.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 26

É necesario que os pais/nais/coidadores sexan capaces de autorregular o seu comportamento e as súas reaccións emocionais cando teñen que corrixir comportamentos dos nenos/as, para demostrarlles que, a pesar de que tiveron unha conduta negativa, seguen sentindo cara eles/as afecto e respecto, sen empregar gritos, nin ameazas nin violencia. Isto conséguese falando con amabilidade pero con firmeza e centrándose no comportamento a modificar, sen desvalorizar ao neno/a no seu conxunto, senón facéndolle entender que aínda que deben corrixilos, sempre contarán co seu apoio e afecto.

Algúns comportamentos axeitados para transmitir afecto e apoio serían:

- Acariciar, abrazar e bicar aos nenos/as.
- Xogar e interaccionar con eles. Gozar da súa compañía e facerllo sentir así.
- Escoitar o que teñan que dicir e intentar comprendelos, aínda que non sempre se estea de acordo con eles. Demostrarlles interese polo que din, pensan ou fan.
- Falar cos fillos/as con frecuencia empregando un ton amable, respectuoso e tamén firme cando hai que tratar temas que así o requiren.
- Agradecer a súa axuda e esforzo e transmitirlles expectativas positivas sobre as súas capacidades, habilidades e potencialidades. Pedirlles que contribúan a facer algo que lles guste e ao mesmo tempo sexa positivo para toda a familia.
- Compartir con eles/as sentimentos, plans, ideas, tempo e actividades para coñecerse mutuamente.

2.3. Dedicar tempo para interaccionar cos fillos: consiste en darlles aos nenos/as un tempo destinado unicamente a estar con eles/as e crear momentos de convivencia positivos nos que fomentar vínculos afectivos, complicidade e intimidade familiar. Estes tempos poden darse realizando actividades moi variadas como poden ser:

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 26

- Charlar con tranquilidade.
- Xogar a diferentes xogos dependendo da idade.
- Contar ou ler contos e historias, escoitar música, cantar, bailar, pintar, debuxar…
- Cociñar xuntos ou realizar outras tarefas do fogar (organizar un armario, colocar os xoguetes, etc.)
- Ver xuntos a televisión, unha película, xogar a videoxogos.
- Saír a pasear, estar ao aire libre, realizar actividades culturais, viaxar, facer deporte.
- Visitar a familiares ou amigos.

2.4. Comprender as características evolutivas e de comportamento dos nenos nas diferentes etapas: o desenvolvemento é un proceso de cambio continuo a todos os niveis: biolóxico, intelectual, afectivo e social. É preciso que os pais entendan que os nenos/as teñen uns comportamentos habituais e comúns en cada etapa evolutiva co fin de axustar mellor as súas expectativas cara eles/as e comprendelos mellor. Desta forma pais/nais e coidadores poden axudar aos nenos/as ou adolescentes a desenvolver as súas potencialidades respectando o seu ritmo vital, propoñéndolles responsabilidades e tarefas que poden asumir. Con isto conséguese que os nenos/as se sintan máis autónomos, útiles e seguros de si mesmos.

2.5. Comunicarse abertamente cos fillos: isto implica un proceso de escoita activa mutua, entre pais/nais/coidadores e nenos/as, que cada membro da familia se sinta coa liberdade de expoñer os seus puntos de vista, opinións e sentimentos e que todos/as poidan participar nas tomas de decisións que lles poden afectar. Os pais/nais ou coidadores deben aprender a comunicarse asertivamente cos menores nun tono positivo, amable, firme, respectuoso e non ofensivo nin agresivo.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 26

2.6. Límites, normas e consecuencias para orientar o axeitado comportamento dos nenos/as e adolescentes: Os nenos/as e adolescentes necesitan normas e límites que lles axuden a regular os seus comportamentos e que os pais/nais/coidadores os orienten para aprender a respectar as normas establecidas no fogar, na escola e nos demais contextos nos que participan. É conveniente que estas normas sexan claras e os nenos/as as entendan, así como que coñezan as consecuencias de non respectalas. Estas consecuencias deben ser razoables e proporcionadas ao momento evolutivo do neno/a para que poidan comprendelas e asumilas con facilidade. Ademais, é importante que cando os nenos teñen un comportamento negativo, sobre todo cando se produce de forma reiterada, os pais/nais/coidadores respondan autorregulando as propias emocións para evitar gritarlles, reñirlles agresivamente, ameazalos ou pegarlles. Este tipo de reaccións, en lugar de axudar aos nenos a aprender a regularse, provocan a imitación deste modelo agresivo que lles transmiten os pais/nais/coidadores.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 26

3. MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN CARA O BO TRATO Á INFANCIA

No **Proxecto de Lei Orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia frente a violencia,** que vén de aprobarse recentemente, establécese que as administraciónS públicas deben promover actuacións concretas destinadas á concienciación da sociedade acerca dos dereitos dos nenos/as e adolescentes a recibir un bo trato nos contextos nos que se desenvolven.

Desde os servizos e institucións do Concello de Burela implicados na implantación deste protocolo realizaremos as seguintes accións de sensibilización cara o bo trato aos nenos dentro das familias:

- ✔ Creación e difusión de carteis e dípticos informativos e de sensibilización cara o bo trato á infancia.
- ✔ Ciclo de charlas telemáticas sobre disciplina positiva dirixidas á poboación xeral.
- ✔ Celebración do día internacional da Non Violencia (2 de outubro)

- Contacontos / obra de teatro
- Creación dun vídeo por parte do alumnado para difundir a través das redes.
- Deseño dun logotipo/imaxe/canción para conmemorar este día.

- ✔ Xornadas informativas nos centros educativos dirixidas aos nenos/as e adolescentes sobre coñecementos e habilidades para recoñecer a violencia e reaccionar ante ela.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 26

4. MEDIDAS DE FOMENTO DO BO TRATO Á INFANCIA:

No citado **Proxecto de Lei Orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia frente a violencia,**, establécese que as administracións públicas deben deseñar plans e programas de prevención para a erradicación da violencia cara os menores. Estas actuacións irán encamiñadas á promoción do bo trato aos/ás nenos/as e adolescentes, (incidindo na formación en parentalidade positiva), a evitar situacións de exclusión social, reducir situacións de desprotección, dotar aos nenos e adolescentes de información e oportunidades de participación social, fomentar a conciliación familiar e laboral, etc.

Por tanto, realizaremos actividades de fomento do bo trato coas familias dirixidas á poboación en xeral e ás familias usuarias dos nosos servizos, en particular, como poden ser as seguintes:

- ✔ Dar información básica sobre o bo trato ás familias recentemente chegadas aos diferentes servizos e institucións nos que atendemos a nenos/as.
- ✔ Realización de xornadas, coloquios ou debates presenciais sobre esta temática desde os servizos sociais e de saúde.
- ✔ Exposición da importancia do bo trato nas reunións iniciais de curso nos centros educativos.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 26

5. O TRATO INAXEITADO AOS MENORES

Neste protocolo imos a definir un proceso de intervención coordinado entre todos os servizos implicados fronte ás seguintes **situacións de trato inaxeitado que afectan aos/ as menores:**

- **Vulnerabilidade á desprotección**: serían nenos/as e adolescentes coas necesidades básicas satisfeitas e con pais/nais/coidadores capacitados para exercer os seus deberes de protección pero que viven e se desenvolven en entornos familiares ou sociais con condicións que poden provocar un dano significativo aos menores no seu benestar e desenvolvemento. Algunhas situacións deste tipo serían: altos niveis de estrés, consumo de alcol ou drogas por parte dos pais/nais, maternidade e/ou paternidade adolescente, illamento social, problemas mentais ou psicolóxicos importantes, entornos sociais delituosos, marxinais ou violentos;
- **Risco leve**: pais/nais que empregan pautas educativas ou de coidado non axeitadas cos menores.
- **Desprotección (risco moderado, grave e desamparo)**: considérase que existe desprotección cando o neno/a ou adolescente ten necesidades básicas sen satisfacer que lle provocaron ou é probable que lle provoquen un dano significativo na súa saúde e desenvolvemento debido á incapacidade ou imposibilidade dos pais/nais/titores de cumprir os seus deberes de protección. Poden darse os seguintes condicionantes para definir a existencia de desprotección:

  - ➔ As persoas responsables de garantir a satisfacción das necesidades básicas dos menores non cumpren a súa responsabilidade porque non poden ou non queren.
  - ➔ A rede de apoio da familia non contrarresta a situación e non satisface as necesidades dos nenos/as ou adolescentes.
  - ➔ Como consecuencia desta situación o neno sufriu ou é probable que sufra un dano significativo na súa saúde, benestar e/ou desenvolvemento.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 26

Algunhas situación de desprotección serían falecemento, encarceramento, enfermidade mental, física ou toxicomanía incapacitante dos pais/nais/titores e ausencia de familiares que se fagan cargo dos menores; abandono dos menores.

Tipoloxía de desprotección:

5.1. Maltrato físico: o neno, nena ou adolescente sufriu un dano físico ou hai risco de que o sufra como consecuencia directa das agresións do pai, nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda ou de persoas do entorno con consentimento/sen oposición de quen exerce a tutela ou garda.

5.2. Neglixencia: o neno, nena ou adolescente sufriu un dano físico ou psíquico ou hai risco de que o sufra como consecuencia da incapacidade do pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda de proporcionarlle unha atención axeitada ás súas necesidades físicas, de seguridade, formativas e psíquicas.

- Neglixencia cara as necesidades físicas: refírese a problemas na atención en canto alimentación, coidado da saúde, vestido, hixiene persoal, condicións hixiénicas, de estabilidade ou habitabilidade da vivenda.
- Neglixencia cara as necesidades de seguridade: inclúe seguridade física da vivenda e prevención de riscos, supervisión, protección ante situacións de desprotección grave perpetradas por outras persoas.
- Neglixencia cara as necesidades formativas.
- Neglixencia cara as necesidades psíquicas: inclúe necesidades de interacción e afecto, estimulación, atención específica a problemas emocionais graves, normas, límites e transmisión de valores morais positivos.

5.3. Abuso sexual: defínese como calquera clase de contacto ou interacción sexual entre o pai, a nai, as persoas que exercen a tutela ou garda ou persoas familiares ou

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 26

achegadas que forman parte da unidade convivencial do neno, nena ou adolescente, que posúe unha posición de poder ou autoridade sobre o neno/a ou en xeral, calquera adulto/a que usa a este/a para a súa propia estimulación sexual, do/a menor ou doutra persoa.

5.4. Maltrato psíquico: o/a menor sufriu un dano psíquico grave ou hai risco de que o sufra como consecuencia das accións do seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda.

- Maltrato emocional: inclúe condutas de rexeitamento (desprezar, insultar, ridiculizar, culpabilizar ao menor…); aterrorizar (ameazar con castigos ou con abandonalo/a, provocarlle medos, etc.); illar (negar a oportunidade de interactuar ou comunicarse con iguais ou con outras persoas dentro ou fóra do fogar); restrición da autonomía (coartar ou impedir que o neno acade as cotas de autonomía e participación que lle corresponden por idade, promovendo ou permitindo condutas evolutivamente inaxeitadas); sobreesixencia (someter ao neno/a a unha presión excesiva en canto aos logros, responsabilidades a asumir, asignarlle tarefas que non serían propias dos menores, etc.); transmitirlle impredecibilidade, inestabilidade ou inseguridade cara o futuro inmediato.
- Instrumentalización en conflitos entre as figuras parentais: as figuras parentais utilizan activamente ao neno/a ou adolescente para danarse mutuamente ou para afastalo definitivamente da outra figura parental.
- Exposición a situacións de violencia de parella ou entre membros da unidade convivencial.
- Ameazas de agresión física.

5.5. Abandono: Inclúe as seguintes situacións:

- O pai/nai ou persoa que exerce a súa tutela ou garda deixa só ao menor deliberadamente sen intención de volver.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 26

- Acordan con terceiras persoas que estas asuman o coidado do neno/a ou adolescente e transcorrido o tempo acordado non volven para facerse cargo del/dela, e as terceiras persoas xa non poden asumir o coidado durante máis tempo.

- Delegan indefinidamente a atención do/a menor en terceiros sen realizar as xestións oportunas para poder representar ao dito/a menor.

- Deixan frecuentemente ao menor baixo responsabilidade de diferentes persoas (descoñecidas ou pouco familiares para el/ela) sen ter un plan estable para asegurar a súa atención.

- Néganse a asumir a atención do neno tras a súa saída dun centro residencial.

5.6. Incapacidade parental do control da conduta do neno/a ou adolescente.

5.7. Outras:

- Trato inaxeitado: inclúe a privación deliberada de comida e auga, confinamento ou restrición física, expulsión ou negación da entrada ao domicilio.

- Maltrato e risco prenatal.

- Corrupción: inclúe indución á delincuencia, modelos parentais asociais ou inaxeitados.

- Mendicidade: práctica que consiste en obter diñeiro ou recursos materiais en lugares públicos.

- Explotación laboral

- Antecedentes de desprotección grave perpetrada polo pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda.

- Graves dificultades persoais no pai/nai ou persoas que exercen a tutela ou garda.

- Conflicto parental.

- Discapacidade que interfiere gravemente na atención ou coidado aos menores.

- Menores extranxeiros non acompañados.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 26

6. PROCESO DE DETECCIÓN, NOTIFICACIÓN E INTERVENCIÓN:

As administracións debemos velar pola protección dos menores a través de procesos de prevención detección e reparación de situacións de risco. Segundo a Lei Orgánica 1/1996 , de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, os principios sobre os que se debe basear a intervención con respecto á protección dos menores serían os seguintes:

- Supremacía do interese do menor.
- Mantemento na súa familia de orixe, salvo que non sexa conveniente para o seu interese.
- A súa integración social ou familiar.
- A prevención e detección precoz das situacións que poidan prexudicar o seu desenvolvemento persoal.
- A sensibilización da poboación ante situacións de desprotección.
- O carácter educativo das medidas que se adopten.
- A promoción da participación, voluntariado e solidariedade social.
- A obxectividade, imparcialidade e seguridade xurídica na acción protectora.
- A protección contra toda forma de violencia.
- A igualdade de oportunidades e non discriminación por calquera circunstancia.

Ademais na citada lei faise referencia a que os poderes públicos deben desenvolver actuacións de "sensibilización, prevención, detección notificación, asistencia e protección ante calquera forma de violencia contra a infancia e adolescencia" a través de procedementos colaborativos e coordinados entre as diferentes administracións e institucións competentes. As ditas actuacións deben estar encamiñadas a lograr o benestar das nenas/os dentro das propias familias, polo que é necesario garantir o apoio, orientación e acompañamento ás mesmas, co fin de que poidan asumir axeitadamente as súas responsabilidades parentais e familiares.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 26

O **Proxecto de Lei Orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia frente a violencia**, no título II incide no deber de comunicación de situacións de violencia tanto por parte da cidadanía en xeral, como por parte das persoas que realizan labores de asistencia, coidado ensinanza ou protección dos nenos *as.* Esta comunicación ten que realizarse de forma inmediata ante a autoridade competente (servizos sociais) e no caso de que a situación de violencia supuxera un perigo para oa menor, deberá comunicarse tamén ás Forzas e Corpos de Seguridade e/ou ao Ministerio Fiscal.

Polo tanto, os diferentes profesionais que participamos neste protocolo, ante unha situación de "Vulnerabilidade ou risco leve", realizaremos as seguintes actuacións:

1. Contacto coa familia para explicar o proceso de intervención.
2. Derivación aos servizos sociais de atención primaria.
3. Entrevista inicial de valoración nos Servizos Sociais con derivación inmediata (nun prazo de 24/48 horas) aos servizos de saúde se hai sospeita de maltrato físico.
4. Se nos servizos de saúde detectan maltrato físico ou abuso sexual farase a comunicación á Fiscalía / Garda Civil e ao Equipo Técnico do Menor.
5. Se nos servizos de saúde non se detecta maltrato físico nin abuso sexual devolverán o caso aos servizos sociais para formulación do plan de traballo en coordinación cos diferentes servizos que poidan estar implicados.

Ante unha situación de risco moderado, grave ou desamparo, o servizo que a detecta:

1. Comunicará a dita situación de maneira inmediata ao Equipo Técnico do Menor, á Fiscalía, Á Garda Civil ou aos servizos de saúde, segundo corresponda.
2. Ao mesmo tempo comunicará a situación aos servizos sociais que farán unha valoración inicial do caso; se se considera que é posible unha intervención, formularase un plan de traballo, e se non é posible, farase unha declaración de risco e comunicarase a dita valoración ao Equipo Técnico do Menor.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 26

6. PRINCIPIOS QUE DEBEN REGULAR O PROCESO DE INTERVENCIÓN

- O protocolo de actuación é o instrumento básico para garantir a coordinación entre os diferentes profesionais, servizos e institucións.

- O criterio que debe primar en todas as actuacións que se leven a cabo debe ser o interese superior do menor, sexa cal sexa a súa condición ou situación persoal ou social.

- O protocolo debe facilitar a máxima eficacia, tomando as decisións no nivel que corresponda polas instancias implicadas e no momento axeitado, para conseguir os resultados desexados.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 26

ANEXO 1

PROCESO DE DETECCIÓN-NOTIFICACIÓN-INTERVENCIÓN

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 26

PROTOCOLO PARA O BO TRATO Á INFANCIA DO CONCELLO DE BURELA

Diagrama de fluxo



Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 26

ANEXO 2

MODELO DE FORMULARIO DE DERIVACIÓN

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 26

FORMULARIO DE DERIVACIÓN

Dirixido a:

Entidade:

Profesional:

Datos da persoa/servizo informante:

Data de notificación:

Nome e apelidos (opcional):

Organismo / centro de traballo:

Enderezo:

Localidade: Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

1. Datos do menor ao que se refire a información:

Nome e apelidos: DNI:

Data de nacemento:

Nome e apelidos da nai: DNI:

Nome e apelidos do pai: DNI:

Nome e apelidos do titor/a ou coidador/coidadora principal:

Enderezo:

Teléfono: Correo electrónico:

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 26

2. Motivo da notificación ou derivación:

3. Actuacións levadas a cabo pola entidade (especificar datas):

4. Valoración profesional da situación actual:

5. Solicitude que se realiza e proposta:

6. A familia está informada da derivación? SI NON

7. Outras cuestións a engadir:

DATA E SINATURAS

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 26

BIBLIOGRAFÍA:

- Guía para a detección do Maltrato Infantil. Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Familia, 2002.

- Balora. Instrumento para la valoración de la gravedad de las situaciones de riesgo y desamparo en los Servicios Sociales Municipales y Territoriales de Atención y Protección a la Infancia y Adolescencia en la Comunidad Autónoma Vasca. Departamento de Empleo y Asuntos Sociales, Gobierno Vasco, 2011.

- Guía práctica del Buen Trato al Niño, Asociación Española de Pediatría y otros. 2012.

- Protocolo básico de intervención contra el maltrato infantil en el ámbito familiar. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, 2014.

- Protocolo de actuación en situacións de risco de desprotección infantil (ámbito sanitario). Agustina Novoa Méndez, María Rocío Cuba García, Maite Lanza Méndez e Mariano Carreiro Moure.

- Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor, de modificación parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil.

- Ley 26/2015 de 28 de julio de modificación del sistema de protección a la infancia y la adolescencia.

- Proyecto de Ley Orgánica de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 26

Mediante o protocolo para o bo trato á infancia, todas as entidades implicadas, a través dos profesionais que as integran, formalizan a súa implicación e coordinación para traballar conxuntamente na sensibilización e o fomento do bo trato aos nenos e nenas dentro das familias, ademais de detectar, notificar e intervir de forma axeitada en casos de sospeita de tratos inaxeitados aos menores.

E para que así conste, asinan o presente documento en Burela, a 26 de abril de 2021.

Cod. Validación: 4LKKJG4DNG5QY356TPKFRD4KA | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 26